


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

28-29 de xuño do 2025

XIII SEMANA DO TEMPO ORDINARIO C



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 1 A Cristo cantamos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Seguir a Xesús é unha decisión, pero non vale tomala de calquera xeito, porque é unha opción vital, un xeito de vivir.

Na Palabra de Deus de hoxe se nos recorda que estamos chamados a dar resposta dende a liberdade, pois a fe só se pode vivir dende unha decisión libre e responsable. Do contrario seríamos escravos en vez de seguidores.

Vivir e decidir en liberdade aínda é hoxe un dereito lonxano en moitas persoas. Non é libre quen vive baixo violencia, non é libre quen sofre abusos, non é libre quen ten que fuxir da súa terra buscando refuxio, non hai liberdade alí onde non se respecta a quen pensa, vive ou cre diferente, non é libre quen non pode vivir en paz.

Nós, porque así o queremos, sentíndonos seguidores, compartimos esta celebración da man de Xesús.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Vale a pena decidirse por facer evanxeo da man de Xesús, con palabras e feitos que fan crible o seu xeito de vivir, respectando a todos. Queremos ser seguidores, queremos manifestar, agora, que se pode contar con nós:*

Monitor/a

- ✓ Comprometémonos a vivir nas palabras e nos feitos que fan evanxeo dende a liberdade de decidirse por seguir os pasos de Xesús?

SÍ, COMPROMETÉMONOS

- ✓ Comprometémonos a vivir colaborando para ser unha parroquia de paz que respecta a todos?

SÍ, COMPROMETÉMONOS

- ✓ Comprometémonos a vivir seguindo a Xesús dende unha opción libre e ilusionada para facer evanxeo nesta terra de Os Cotos?

SÍ, COMPROMETÉMONOS

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos nos concede o Señor o perdón dos pecados, e a todos por Cristo Resucitado nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo doídos e necesitados de paz, pois aínda son hoxe demasiadas as persoas que non poden vivir libremente.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus noso Pai, co teu Espírito de adopción fixéchesnos fillos teus. Non deixes que as canseiras nos envolvan na escuridade, senón que permanezamos sempre entusiasmados pola vida segundo o evanxeo. Pedímoscho por Xesucristo noso Señor. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Moitas veces éñchesenos a boca coa palabra “liberdade”, pero logo cústanos aceptar a quen pensa, vive ou cree diferente.*

Presumimos de liberdade pero estamos atados a demasiadas cousas.

Presumimos de liberdade pero andamos con demasiadas presas.

Deámoslle un pensamento ao escoitar agora esta Palabra de Deus que hoxe proclamamos.

LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS GÁLATAS

Cristo liberounos para que vivamos en liberdade. ¡Estádeme, logo, ben firmes nel! ¡Que non vos canguen outra vez o xugo da escravitude!

Irmáns, a vós chamáronvos á liberdade. ¡Pero coidadiño con servir aos baixos instintos co gallo da liberdade! Habédesme ser escravos uns dos outros mediante o amor. Porque toda a Lei está completa neste precepto: Amarás o teu próximo coma a ti mesmo. Pero, se vos adentellades e devorades, levade tento de non acabardes uns cos outros.

Pois quérovos dicir que vivades conforme o Espírito.

Palabra do Señor

🎵 *nº 41 Quen nos vai separar de ti* SALMO

(en pé) Leccionario I C páx 212 Lc 9, 51-62 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Cando se ía cumprir o tempo de que levantasen a Xesús deste mundo, decidiu en firme ir a Xerusalén. Mandou mensaxeiros por diante. Entrando estes nunha aldea de samaritanos, para lle prepararen pousada, non o recibiron, porque lle coñeceron que ían cara a Xerusalén.

Ao veren isto, os discípulos Santiago e Xoán dixeron:
- Señor, queres que digamos que baixe do ceo un raio que os parta?

Pero el volveuse e rifoulles. E foron para outra aldea.

Polo camiño, díxolle un:

- Seguireite, vaias onde vaias.

Respondeulle Xesús:

- As raposas teñen tobeiras, e os paxaros teñen niños; pero o Fillo do Home non ten onde pousar a cabeza.

Díxolle Xesús a outro:

- Sígueme.

Pero el contestoulle:

- Déixame ir primeiro enterrar a meu pai.

Respondeulle Xesús:

- Deixa que os mortos enterren os seus mortos: ti vai anunciar o Reino de Deus.

Outro díxolle tamén:

- Señor, seguireite, pero deixa que primeiro me despida da miña familia.

Contestoulle Xesús:

- Quen despois de pór a man no arado, mira para atrás, non é apto para o Reino de Deus.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Díxolle un a Xesús “seguireite vaias onde vaias” pero botouse atrás cando se deu conta de que o seguimento non ten comodidades. Ser cristián non é algo cómodo.

Díxolle outro a Xesús “déixame ir enterrar a meu pai” pero botouse atrás cando Xesús lle dixo que o evanxeo non é para a morte, é para a vida. Ser cristián non é para mortes e enterros, é para a vida.

Díxolle outro a Xesús “déixame despedirme da miña familia” pero para o evanxeo hai que ter as mans libres, non poden estar atadas a nada. Ser cristián é saber que non todo vale, é ter a liberdade de renunciar.

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial, respectando outros credos e outras crenzas, damos resposta da nosa fe diante dos demais dicindo

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Monitor/a:

Credes en Deus,

Pai e Nai que ama a todos sen diferenzas e que creou un mundo, non de servos e escravos, senón de irmáns e irmás, que deciden libremente?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús, o seu Fillo Benquerido,

que nos convida a seguir os seus pasos dun xeito libre e responsable, asumindo as decisións persoais, e non simplemente deixándose levar?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo,

que nos alenta a colaborar, construíndo unha sociedade, que non asoballe, e que respecte e axude a vivir en paz e en irmandade?.

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na Igrexa,

comunidade que necesita das nosas mans, dos nosos esforzos, das nosas decisións, para sermos Igrexa acolledora e libre?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Poñamos as nosas pregarías nas mans de Xesús que nos dá a súa PAZ. Rezamos coma comunidade libre dicindo:

Axúdanos Señor a seguirte

Monitor/a:

- ✓ Pedimos polas persoas que facemos a Igrexa, para que non teñamos medo a vivir e camiñar día a día na liberdade. Oremos
- ✓ Pedimos pola nosa comunidade de Os Cotos, para que superando rutinas e comodidades, camiñemos con ilusión e esperanza mellorando este mundo. Oremos
- ✓ Pedimos por nós, que hoxe estamos aquí compartindo a celebración, sendo exemplo do evanxeo polo que Xesús nos convida a decidir. Oremos
- ✓ Pedimos polos nenos e nenas das nosas parroquias, para que medren libremente e sexan respectuosos con todos e con todo. Oremos
- ✓ Pedimos polas persoas e os pobos que son vítimas de abusos e violencia, para que atopen no camiño mans agarimosas, respectuosas e tolerantes. Oremos

Celebrante: Señor, noso Pai, neste noso mundo dividido queremos mostrar o teu amor. Fainos comunidade de crentes capaces de aventurarse no teu camiño e na túa vida. Por Xesucristo, Noso Señor. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Como seguidores de Xesús, con total liberdade, e comprometéndonos co Deus que é Pai, decidímonos confiados a rezar a oración que Xesús nos aprendeu:

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: Xesús envíanos como as súas testemuñas, sendo e dando exemplo de PAZ. Temos o compromiso de dar unha man para o Reino. Queremos facelo sen laiarnos do pasado e entusiasmados co que podemos aportar para un mundo en irmandade, no que todos nos sintamos libres. Fagámonos cribles nun xesto de paz.

🎵 **Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Somos comunidade de fe compartindo ao arredor desta mesa. Participar hoxe é comprometerse para medrar no camiño de seguir a Xesús, asumindo a decisión, e ofrecendo as mans para facer evanxeo. Ditosos nós convidados a esta vida e a este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 55 No colo da miña nai**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, por este pan da vida que acabamos de compartir renovamos os nosos compromisos de seguir os pasos do evanxeo.

Fai que, unidos sempre a ti polo amor, deamos froitos de vida eterna.

Pedímolo por Cristo noso Señor. Amén

Hoxe parécenos que todos somos libres, pero estamos demasiado lonxe da liberdade auténtica.

Non somos libres cando cremos que podemos desprezar a quen non vive coma nós.

Non somos libres cando cremos que podemos facer o que nos dea a gana coa natureza.

Non somos libres cando cremos que podemos consumir canto queiramos aínda que hoxe haxa quen non ten nin pan para levarse a boca.

Non somos libres cando nos preocupa o que os demais pensen de nós.

Avísase das misas (ver folla do mes)

**Que teñamos un bo día,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus**

